



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CERTIFICADO

Elena Suárez Rodríguez, secretaria – interventora do concello de Boqueixón.

CERTIFICO:

Que na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 22 de setembro do 2016 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

Na Xunta de Goberno do día 1 de setembro de 2016, iniciouse a contratación do servizo de impartición de clases de inglés, por procedemento negociado sin publicidade, por importe de 44.144,00 euros e unha duración de 1 ano prorrogable por 1 máis. Ademais de publicar o anuncio no perfil do contratista, enviáronse invitacións ás seguintes empresas:

El Centro Británico
Academia Harris English Studies
A Casa das Linguas
Piccadilly School of English, SL

Debido a que a actividade ten que comezar no mes de outubro, concédese un prazo de cinco días para a presentación das ofertas.

No prazo establecido para o efecto, presenta proposta unha única empresa: Piccadilly School fo English, SL (rexistro 16/1953 do día 12 de setembro)

Ábrense os sobres da proposta para comprobar que a documentación está correctamente presentada e comprobando que a oferta económica se axusta ó tipo de licitación admítese na súa totalidade.

Polo tanto, e debido a que foi a única oferta presentada, a Xunta de Goberno acorda:

1 Adxudicar o contrato do servizo de impartición de clases de inglés á empresa Piccadilly School of English, SL polo importe de 30 euros/ hora (IVE exento). A duración do contrato é dun ano sendo prorrogable por 1 ano máis.

2. Comunicar este acordo á empresa adxudicataria e requirirlle que presente a documentación que figura na cláusula “ Clasificación de ofertas e requirimento de documentación” que figura nos pregos de cláusulas aprobados para a licitación. Tamén terá que depositar o aval correspondente ó 5% do importe da adxudicación.

E para que conste, asino este certificado.

Boqueixón, 27 de setembro do 2016

A secretaria – interventora


Elena Suárez Rodríguez


Visto e prace
O alcalde
Ovidio Rodeiro Tato